



## CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreo.com>

### **ACTA DE SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE PARA CUBRIR EN PROPIEDAD MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DÚAS PRAZAS DE FUNCIONARIO, AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

Sendo as 9:30 horas, do día 14 de novembro de 2011, reúnense baixo a presidencia de Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil, os integrantes do Tribunal de selección que se constitúe para cubrir en propiedade mediante oposición libre, dúas prazas de funcionario en concreto de auxiliar administrativo, Escala de Administración Xeral, en cumprimento do establecido en resolución da Alcaldía de data 8 de novembro, e que son os seguintes:

#### **PRESIDENTE**

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

#### **SECRETARIO**

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

#### **1 VOCAL**

Titular: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor asesor dos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

#### **2 VOCAL**

Titular: Dona Pilar Pérez López, auxiliar administrativo do Concello de Becerreá.

#### **AUSENTE.**

#### **3 VOCAL**

Titular: Dona Angeles Rivas Vázquez, xefa de Sección de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

Previa aceptación de tódolos interesados presentes no acto, polo Sr. Presidente se declara constituído o Tribunal.

Seguidamente dase conta ao tribunal do Decreto da Alcaldía de data 8 de novembro de 2011 e de sendos escritos rexistrados de entrada no Concello de Becerreá:

O primeiro, rexistrado con data 24 de outubro de 2011 e asinado por Dona Susana Escolante Pérez aspirante que realizou o primeiro exercicio no proceso de referencia celebrado con data 13 de outubro de 2011.

O segundo, rexistrado con data 7 de novembro de 2011 e asinado por Don Miguel Rodríguez Cabañas aspirante que tamén realizou o primeiro exercicio, aínda que éste xa tiña presentado outro de data 25 de outubro de 2011.

Analizados os termos do escrito asinado, o Tribunal resolve, sobre a base dos seguintes ANTECEDENTES:

**PRIMEIRO:** Con data 13 de outubro de 2011, celébrase o primeiro exercicio dos correspondentes ao proceso de selección epigrafiado.

**SEGUNDO:** O exercicio se desenvolve entre as 11:30 e as 13:00 horas.



## CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreá.com>

TERCEIRO: Acto seguido o Tribunal consituído, corrixe e cualifica os exames realizados polos aspirantes segundo acta suscrita coa mesma data, resultando que Dona Susana Escolante Pérez acada o resultado de 6,1 puntos e Don Miguel Rodriguez Cabañas, o resultado de 4,7 puntos non superando, polo tanto, este último, a devandita proba.

CUARTO: Con data 24 de outubro de 2011, rexístrase de entrada no Concello de Becerreá escrito asinado por Dona Susana Escolante Pérez no que básicamente impuga dúas preguntas do exercicio tipo test sobre a base de non estar ben formuladas. Trátase da pregunta número 37 e a número 14.

QUINTO: Con data 7 de novembro de 2011, rexístrase de entrada no Concello escrito asinado por Don Miguel Rodriguez Cabañas no que básicamente impuga unha pregunta do exercicio tipo test sobre a base de non estar ben formulada, en concreto da pregunta número 14 e alega que as preguntas 40 e 64 do seu exame non se atopan correxidas correctamente.

Vistas as seguintes CONSIDERACIÓNS:

### I. ALEGACIÓNS FORMULADAS POR DONA SUSANA ESCOLANTE PÉREZ.

PRIMEIRA: A interesada formula reclamación contra o acordo deste Tribunal cualificador contido na acta suscrita con data 13 de outubro de 2011 na que tamén se outorga un prazo de 10 días hábiles para a formulación de calquera reclamación ou alegación en relación aos resultados e corrección das probas. A reclamación, fórmulase dentro do prazo outorgado que finalizaba o día 26 de outubro de 2011.

SEGUNDA: En relación á impugnación da pregunta número 14 do test, cabe indicar o seguinte:

Este tribunal, para a confección do test, empregou abundante material, tanto normativo como doctrinal e en concreto, no manual CURSO DE DEREITO CONSTITUCIONAL ESPAÑOL I de Jorge de Esteban e Pedro J. González-Trevijano, pódese ler, *a fase de redacción da Constitución Española se inicia o día 25 de xullo de 1977 co nomeamento da Comisión de Asuntos Constitucionais e Liberdades Públicas integrada por trinta e seis membros da forma seguinte; dezaste de UCD, trece do PSOE, dous de Alianza Popular, dous do Partido Comunista de España e dous da minoría vasco-catalana, presididos todos eles por Emilio Attard de UCD. Esta Comisión, á súa vez nomeou unha ponencia de sete persoas encargadas de elaborar o anteproxecto para a súa discusión posterior na Comisión. A ponencia comezou os seus traballos o día 22 de agosto de 1977.*

Pola súa banda no manual INTRODUCCIÓN A LA CONSTITUCIÓN DE 1978 de Roberto L. Blanco Valdés pódese ler *...un acordo que empeza, de feito, ao fraguarse dende o momento no que tras producirse a apertura solemne do Congreso e do Senado, o 22 de xullo de 1977, a Cámara baixa decide o nomeamento dunha Comisión de Asuntos Constitucionais e Liberdades Públicas, elexida o 25 de xullo, a composición interna da mesma...*

Non obstante o anterior, este Tribunal consulta o Diario de Sesións do Congreso dos Diputados correspondente ao martes, día 26 de xullo de 1977 e na súa páxina 51 pódese ler *a Mesa do Congreso, co acordo unánime dos voceiros de tódolos Grupos Parlamentarios, propón ao Pleno da Cámara do Congreso dos Deputados a adopción*

2



## CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreá.com>

*dos seguintes acordos: 1º Se crea unha Comisión Constitucional, resultando, que este Tribunal non foi quen de atopar o Diario de sesións correspondente ao día 25 de xullo de 1977 o que pode conducir a pensar razoablemente que nesa data non se celebrou sesión e en consecuencia non se puido crear a devandita Comisión constitucional, en contra do que afirman os autores dictados nos seus manuais.*

Ante as dúbidas que ofrece a pregunta formulada, resulta máis conveniente anular a mesma dando paso á corrección da pregunta de reserva sinalada co número 1.

TERCEIRA: En relación á pregunta número 37, alega a interesada que un acto é firme cando xa non pode ser impugnado polas vías ordinarias dos recursos administrativo ou contencioso administrativo e sobre o que cabe o recurso de revisión.

Este Tribunal entende que cando un acto administrativo que en principio era recurrible, non pode ser impugnado en vía administrativa nin en vía contenciosa, se lle califica de acto firme.

Un acto poderá converterse en firme por algunha das seguintes circunstancias;

1º Porque tiña sido xa impugnado mediante tódolos recursos que establece o Dereito Positivo.

2º Porque, sendo notificado correctamente, se deixaron transcurrir os prazos que o ordenamento xurídico establece sen formula-los expresados recursos en debida forma.

Así as cousas, o carácter *extraordinario* do recurso extraordinario de revisión, está precisamente xustificado polo carácter de *firme* dos actos contra os cales pode ser interposto.

En consecuencia este Tribunal entende que esta pregunta está correctamente formulada non sendo pertinente atender á alegación formulada pola interesada.

### II. ALEGACIÓNS FORMULADAS POR DON MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS

PRIMEIRA: O interesado formula reclamación contra o acordo deste Tribunal cualificador contido na acta suscrita con data 13 de outubro de 2011 na que tamén se outorga un prazo de 10 días hábiles para a formulación de calquera reclamación ou alegación en relación aos resultados e corrección das probas. A reclamación, refírese a unha pregunta que considera mal formulada e á corrección incorrecta doutras dúas.

A reclamación fórmulase en relación a outro escrito formulado polo interesado con data 25 de outubro de 2011 dentro do prazo outorgado ao efecto, e no que se solicitaba a revisión do exame realizado.

SEGUNDO: O Tribunal revisa o exame e conclúe que efectivamente a corrección efectuada das preguntas números 40 e 64 debe ser revisada no senso reclamado polo aspirante.

Con base no anterior o Tribunal, por unanimidade dos seus membros acorda:

PRIMEIRO: A estimación parcial das consideracións efectuadas por Dona Susana Escolante Pérez en relación á impugnación da pregunta nomeada có número 14 do exame realizado con data 13 de outubro de 2011 anulándoa e pasándoa a corrixir e valorar a pregunta 1 das sinaladas de reserva.

Estimar as alegacións feitas por Don Miguel Rodriguez Cabañas.



## CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreá.com>

Consecuencia do anterior a calificación dos exames realizados queda do seguinte xeito:

Nº orden	Apellidos e nome	D.N.I.	PUNTUACIÓN
8	Ascariz Ferreiro, María Isabel	33337562M	3,8
5	Brandariz Seoane, María	46903254K	6,9
12	Cabana Cabado, María	33347655R	5,4
17	Calderón de Arriba, María Josefa	33860282G	7
4	Castro Díaz, María Aurora	33336188B	3,5
36	Escolante Pérez, Susana	33540764W	6,2
40	Fernández Gómez, Ana	76577987Q	5,9
37	Fernández Gómez, Daniel	76580407K	6,7
38	Fernández Pérez, Mónica	76578385T	5,7
51	Flores Gómez, José Luis	33325646A	5,7
52	García López, Óscar	33337973W	3
30	González Blanco, Marcos	33548622V	4,7
13	Hermida Maseda, Susana	76574999H	5,9
26	Labrada Lanza, Verísima	33997188Z	4,8
25	López Gómez, Mónica	76623584G	3,9
53	López González, María Luisa	34262132K	4,8
21	López López, Domingo Manuel	33337897H	6,9
22	López López, José María	76577086N	5,2
27	López Pérez, Rocío	33542716E	6,8
44	Muñoz Álvarez, María del Carmen	09032550J	3,5
45	Roca Flórez, Pablo	33348152S	3,2
46	Rodríguez Cabañas, Miguel	33336523R	5,0
43	Vieitez Gil, Pablo	44486049R	7,4

SEGUNDO: Desestimar a alegación efectuada por Dona Susana Escolante Pérez en relación á impugnación da pregunta nomeada có número 37.

Notifíquese aos interesados e públíquese o contido da presente acta na páxina web do Concello de Becerreá e no Taboleiro de Anuncios da Entidade, con indicación de que contra a mesma cabe recurso de alzada ante o Sr. Alcalde Presidente, no prazo dun mes. O prazo máximo para dictar e notificar a resolución será de tres meses. Transcurrido este prazo, sen que recaiga resolución, se poderá entender desestimado o recurso, salvo no suposto previsto no artigo 43.2 da Lei 30/1992. Contra a resolución do recurso de alzada poderá interponer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo de Lugo.

En proba de conformidade asíñase a presente polos membros do Tribunal presentes no acto.